

N. Expediente: 122/2025
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Documento: Resolución
Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SS.SS. 2025

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Resultando que por esta Alcaldía ordenouse a incoación de expediente para a selección e contratación dun/ha auxiliar administrativo/a para o departamento de Servizos Sociais ao concorrer os requisitos de excepcionalidade da contratación dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento e a existencia de necesidades urxentes e inaprazables, ao entenderse que co posto de traballo que se cobre van a satisfacerse necesidades de interese público que non admiten demora e que se non se atenderan prexudicarían ao servizo público.

Considerando que por Resolución de Alcaldía 2025-0052, do 07/02/2025, aprobáronse as bases que regulan a convocatoria do proceso selectivo polo procedemento de concurso-oposición libre, remitindo anuncio ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para a súa publicación.

Considerando que o Tribunal cualificador emitiu proposta de aprobación dos resultados definitivos do proceso selectivo o 7 de abril de 2025, por orde de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	TOTAL PUNTOS
NESPEREIRA VENTOSELA LAURA	***5190**	45,50	7,40	52,90
SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	***6722**	40,50	7,40	47,90
MARTÍNEZ RIVAS SANDRA	***6676**	37,50	7,55	45,05
SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	***7323**	41,50	0,50	42,00
BERSANINO MARTÍNEZ CAROLINA	***6266**	37,50	1,95	39,45
ROMERO FERREIRÓS MANUEL	***3278**	36,50	0,00	36,50

Visto o escrito de renuncia voluntaria presentado pola candidata LAURA NESPEREIRA VENTOSELA (rexistro de entrada número 2025-E-RE-422).

Visto que a candidata MARÍA JOSEFA SOUTO SOUTO achegou no prazo establecido nas bases de selección a documentación preceptiva para ser contratada (documentación presentada de maneira presencial).

Consonte co disposto nos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 41.14.c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que atribúe a esta Alcaldía a competencia para contratar ao persoal laboral da Corporación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Proceder á contratación, como persoal laboral temporal, por



circunstancias da produción, de Dona MARÍA JOSEFA SOUTO SOUTO con NIF número ***6722**, na categoría profesional de Auxiliar Administrativo, con destino o departamento de Servizos Sociais, a tempo parcial (18,75 horas/semana), durante un período de seis meses, iniciándose a relación laboral o luns día 5 de maio de 2025, advertindo que o contrato para formalizar incluírá a superación dun período de proba de quince días (15) durante os cales observárase o desempeño do traballador seleccionado, podendo durante esta fase proceder á extinción da relación contractual como consecuencia dunha valoración insatisfactoria do desempeño do traballador.

Esta contratación será cofinanciada con cargo o Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025, a través do cal se subvencionarán o servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do Decreto 99/2012 (BOPPO nº 23, de 4 de febreiro de 2025).

SEGUNDO.- Constituír unha bolsa de emprego por orde de puntuación descendente segundo o reflectido no acta do Tribunal de Selección de data do 7 de abril de 2025 que contén os resultados definitivos de cualificación do proceso selectivo. Esta bolsa de emprego constitúese con aqueles aspirantes admitidos e baremados segundo estrita orde de puntuación, practicándose o chamamento, en caso de baixa do titular (definitiva ou temporal).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da presente Resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>].

CUARTO.- O presente acto esgota a vía administrativa conforme ao previsto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en consecuencia e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, fronte a este acto poderase presentar: potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, ante o mesmo órgano que o ditou, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Pontevedra. Transcorrido o primeiro prazo dun mes, unicamente poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo sen pasar o prazo de dous meses indicado. Con todo, a interposición do recurso potestativo de reposición non suspenderá por si mesma a execución do acto impugnado, sen prexuízo da súa solicitude ou estimación de oficio conforme ao disposto no artigo 117.2 da citada Lei 39/2015.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que estime pertinente.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

